

ÁLVAREZ YÁGÜEZ, Jorge: *Política y República. Aristóteles y Maquiavelo*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2012, 303p.

“Proclamando a identidade de razón e dominio, as doutrinas despiadadas son máis misericordiosas que as dos lacaios da burguesía.”
Max Horkheimer e Theodor W. Adorno, *Dialéctica da Ilustración*

O esforzo teórico por perseverar na recuperación do político delimita de facto o que ben podería ser considerado un específico ámbito de reflexión dentro do amplo espazo de análise que cubre a filosofía política. Os intentos por rehabilitar a categoría de política acostuman a ir acompañados da relectura dos pensadores máis eminentemente políticos. Tanto os intentos como os pensadores aparecen habitualmente vencellados á corrente republicana do pensamento político, aínda que a nómina de filósofos do político que son obxecto destes estudos faise extensible aos habitantes doutras latitudes teóricas, poñamos por caso a dous espécimes políticos como son Hobbes e Carl Schmitt.

Neste prolixo marco de investigación, que procura atinar co núcleo do político a base de rastrear os distintos discursos que integran as diversas linguaxes da política, pódese incluír a última obra de Jorge Álvarez Yágüez, *Política y República. Aristóteles y Maquiavelo*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2012.

Dende esta perspectiva, a elección dos nomes propios e termos xerais que conforman o título do libro non resulta en absoluto aleatoria, filósofos e conceptos aparecen íntimamente entrelazados: Aristóteles elabora as categorías que nos permiten pensar o político (en palabras do propio autor: “la fuente teórica del lenguaje político mismo”); Maquiavelo retoma e renova a nomenclatura conceptual da pólis acuñada polo estaxirita para poñela ao servizo da defensa dunha república que padece de cheo as embestidas da primeira globalización.

Pero a indagación emprendida polo autor non se reduce a unha mera búsqueda hermenéutica en pos dos conceptos definitorios do político, senón que, fiel a unha concepción da filosofía política como saber teórico-práctico, revela a súa finalidade crítico-normativa: “Cuando una categoría ha sido bien establecida, es tarea nuestra devolverle su potencia para dirigirla críticamente contra todas sus deficientes encarnaciones. El concepto, entonces, se vuelve contra la empiria, y sigue reclamando otra realidad. Politeía así lo exige.”

Recibido: 08/10/2012. Aceptado: 22/11/2012.

Jorge Álvarez Yágüez comeza por introducirnos na semántica aristotélica do político repasando o traxecto teórico emprendido polo filósofo peripatético no Libro I da *Política*. A tarefa de Aristóteles consistente en cincelar a noción de politeía desbastando as adherencias platónicas que a equiparaban ao oíkos obtén como produto final un concepto de política en estado puro. A análise pormenorizada das relacións que se dan no interior da casa familiar permite —a través dunha especie de proceso lóxico de eliminación— concluir que os vencellos entre os cidadáns non son asimilabeis aos que mantén o pater familias e señor cos fillos, esposa e escravos: a pólis non é oíkos. (Recoñécese neste paso —como ben apunta o autor— un leitmotiv do pensamento republicano que reaparecerá, unha e outra vez, baixo distintas formulacións: autoridade política vs. autoridade paterna, liberdade vs. servidume ou dominación, etc.).

A categoría do político cristaliza no Libro III da *Política* onde se plasma a teoría aristotélica da cidadanía: o estatuto do cidadán non ven definido por lazos de consanguinidade ou pertenza ao solar patrio, nin siquera pola suxección a unhas mesmas leis ou o disfrute duns dereitos; o criterio de inclusión/exclusión da cidadanía ven dado pola propia participación política: o gobernar e ser gobernado por quenda, a igualdade na reciprocidade. O sedimento precipitado da criba levada a cabo nos tres primeiros libros da *Política* materialízase nun concepto normativo que integra como elementos principais da súa composición a liberdade, a igualdade (e os seus correlatos: o imperio da lei e a xustiza) e a participación (xunto coas capacidades —virtudes— dialóxicas asociadas á deliberación).

Unha vez que o profesor Álvarez Yágüez nos sitúa neste punto do sendeiro da teoría política aristotélica, enuncia con rigor e valentía as teses que configuran a trabazón interna da súa investigación filosófica.

Primeira tese: Aristóteles non só contrasta esta elaborada noción dialóxica do político coas realidades políticas empiricamente rexistrabeis do seu tempo histórico a través dunha coñecida tipoloxía dos réximes (desviados) para deixar constancia de cuán lonxe se achan do seu ideal da politeía, senón que asemesmo confronta a súa construción teórica coas súas propias opinións. Os recelos ante unha democracia na que cobran protagonismo político as clases populares abocan a Aristóteles a devaluar a carga normativa do seu propio concepto de política. Efectivamente, a exclusión —sobre o papel— dos traballadores manuais autóctonos non sometidos a escravitude da cidadanía plena colisiona frontalmente co concepto de política sostido ate ese momento. En virtude dos parámetros fixados polo propio filósofo á hora de delinear a natureza do político, os integrantes dos sectores productivos fariáanse acreedores ao título de suxeitos políticos

plenos. Nin tan siquiera un esforzado exercicio de malabarismo siloxístico alcanza a negar satisfactoriamente o rango de cidadán a quen —logo dun exame menos sesgado ideoloxicamente— parece posuir as cualidades que o capacitan para obrar politicamente. Finalmente, e logo de innumerábeis vericuetos, nun alarde de pragmatismo, o estaxirita opta pola práctica do escapismo: diluir a forza social do proletariado da pólis ante o empuxe das clases medias. Primeira tese e primeira creba interna na noción aristotélica de política.

Segunda tese (forte) e segunda fractura (todavía máis acusada): nos Libros IV, V e VI da *Política* e ao fío da disertación aristotélica respecto da estabilidade e permanencia dos réximes (incluídos os desviados) aparece unha cualitativamente novedosa noción de política, netamente estratéxica e pragmática, ancorada nas estrataxemas do poder, que racha definitivamente coa visión dialóxico-normativa defendida anteriormente. Será Maquiavelo quen repare nesta conceptualmente disruptiva categoría de política que —a partir do momento en que se recolla crudamente nas páxinas de *O príncipe*— pasará a identificarse coa visión xenuinamente propia de entender a política por parte do florentino ate o punto de etiquetala co adxectivo “maquiavélico”. Pero como demostra o profesor Álvarez Yáguez, ese concepto instrumental de política que reduce a praxis a unha técnica do poder xa se encontraba previamente nos denominados “libros estratéxicos” da *Política* de Aristóteles. Se ben é certo que, respecto do estaxirita, Maquiavelo avanza unha zancada máis, dá un “paso al límite” (en palabras do autor), extraendo con coherencia e sen amedrentarse todas as consecuencias que se desprendían de tal concepción levando ate os seus extremos de radicalidade a lóxica estratéxica inherente á (nova) categoría de política. Efectivamente, Maquiavelo afonda todavía máis na “doble quiebra teórica” que padece o concepto de política en Aristóteles. Se cadra dun xeito máis traumático: todos os recursos dos que dispón a téchnè política non son monopolio exclusivo dos tiranos —como ocorre no filósofo grego—, senón que, ademais do príncipe nuovo, o enteiro arsenal das estratexias de poder é posto ao servizo da defensa da república. Respecto dos descarnados consellos para “conservare le stato” que enchen as páxinas de *O príncipe* —escándalo dos moralistas que pretenden inculcar no gobernante as virtudes cristianas— o extenso relatorio de mentiras e violencia protagonizado polos patriotas republicanos narrado nos *Discorsi* non se queda atrás. A constatación de que, a pesar de tan crudo panorama, tanto o Aristóteles dos “libros estratéxicos” como o maquiavélico florentino operen dentro do marco xeral dunha moral do mal menor que opta pola civilidade fronte ao caos, non evita o paradoxo —especialmente significativo no caso de Maquiavelo— de pretender salvar

a república mediante unha política conceptualmente anti-republicana. O discurso maquiaveliano da civiltà e as súas apelacións á virtù, a economía dos medios violentos e a procura do ben común non atenúan a impresión de que a prevalencia da razón de Estado (mesmo do Estado republicano) fulmina o que de propiamente político existe na política: “el instrumentalismo finalmente acabaría con la república.”

Todas as señas de identidade normativamente significativas ceden ante o empuxe dunha concepción estratéxica da política que rematou por converterse en hexemónica. A parrèsia e a deliberación acaban por sucumbir ante a forza dos elementos prepolíticos que violentaron a natureza esencialmente dialóxica do político. A irrupción dos elementos e relacións propiamente domésticas da esfera do oïkos no posterior discurrir da teoría política marcará outro fito máis nesta devaluación do político. Finalmente, a dobre pragmática do poder e da economía acaban por fixar os criterios de demarcación dunha noción intrínsecamente estratéxica da política.

Atentos ao discurso interno —unhas veces latente, outras veces manifesto— que vertebra as teses defendidas por Jorge Álvarez Yágüez contemplamos como se vai desplegando ante os nosos ollos unha particular pugna, unha dialéctica agonística que, a modo de dialéctica da Ilustración, expresa a dual face da política, como á política tras o seu momento maquiavélico que coloca ao suxeito xurdido da Modernidade ante o reto de verse obrigado a arbitrar as fórmulas que permitan artellar ambas dimensións da política. En palabras do autor: “¿cómo el arte dello stato puede articularse con el arte della civitas, la lógica instrumental y la comunicativa, el poder y la política?”

Permanece a dúbida respecto da viabilidade desta tarefa. En todo caso, o fracaso desta empresa precipitaríanos na traxedia de ter que pensar a liberación no vocabulario da lóxica do poder, esto é, da opresión.

Nicanor R. Fuentes Laíño